**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 27 de FEBREIRO de 2015**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de febreiro de 2015, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 1/15, do 27 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da presidencia, da nº 751 á nº 3.050, de 2015.

### Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

3.-Aprobación provisional da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.

4.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2015, primeira fase.

5.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2015, primeira fase.

### Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

6.-Aprobación do convenio coa Asociación pro Enfermos mentales de A Coruña (APEM) para financiar o "Proxecto de formación e inserción laboral a través da artesanía cerámica".

7.-Aprobación do convenio coa Asociación de Padres de Disminuidos Psíquicos "ASPADISOL" Oleiros para financiar un "Obradoiro de xardinería".

8.-Aprobación do convenio coa Unidade Provincial de Parapléxicos da Coruña para financiar "Cursos de informática básica".

### Comisión de Persoal e Réxime Interior

9.-Recurso de reposición contra o acordo plenario de aprobación da relación de postos de traballo interposto por don Argimiro Doce Pérez.

### Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (ACBECCA) para financiar o Plan de promoción e dinamización do Comercio Local para a Campaña de Nadal.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal para financiar o "Plan impulso comercial Concello da Pobra do Caramiñal".

12.-Aprobación da modificación do convenio que instrumenta "Presentación de Santiago de Compostela como destino gastronómico en Madrid".

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

13.-Aprobación dun convenio de colaboración co Concello de Neda para financiar a adquisición dun inmoble.

14.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas no proxecto básico e execución de rehabilitación interna e acabados Teatro cine Elma, Pobra do Caramiñal.

**Comisión de Cooperación e Asistencia aos concellos**

15.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015.

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento das obras de "Centro cívico na Avda. de Fonteculler".

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dodro para o financiamento das obras de "Acceso a Revixós e outros".

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra para o financiamento das obras de "Actuacións de posta en valor de senda peonil Faro de Fisterra".

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento das obras de "Pavimentación no cemiterio de Laxe e en varios camiños do termo municipal: Santa Rosa-depósito de auga, Mordomo e outros".

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para o financiamento das obras de "Mellora da capa de rodaxe no Mercado de Moeche e outros".

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de "Aglomerado de camiños e campos da festa nas parroquias de Cutián, Trasanquelos, Mandaio e Probaos".

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sada para o financiamento das obras de "Adecuación do ámbito do aparcadoiro de taxis do contorno inmediato do edificio A Terraza".

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento das obras de "Implantación de céspede artificial no campo de fútbol de San Sadurniño".

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmaior para o financiamento das obras de “Asfaltado de viais en Liñares, Lobeiras, Millarengo e Vilapende”.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cariño para o financiamento de subministración de “Elementos saudables e carteis informativos en Sismundi e Feás”.

26.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Equipamento multideportivo na Galea, A Regueira”, do Concello de Miño, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 31/2014.

27.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acondicionamento do paseo marítimo de Portosín”, do Concello de Porto do Son, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 316/2013.

**Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

28.-Modificación da base 50 das de execución do orzamento: “subvencións e transferencias nominativas para o exercicio 2015”.

29.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondente ao cuarto trimestre de 2014 na Deputación provincial, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

30.-Informe sobre os “investimentos financeiramente sostibles” contidos no Plan provincial DTC-93 (Disposición adicional décimo sexta do TRLRFL).

31.-Tomar coñecemento da liquidación do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2014.

32.-Dar conta do Expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

33.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 1/2015.

34.-Información do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao 3º e 4º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

35.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento da Orde HAP/2082/2014 do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

36.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de actividades culturais 2015.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE FEBREIRO DE 2015**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de febreiro de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

| | |
|---|---|
| DON DIEGO CALVO POUSO | PP |

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO | BNG |
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA | PP |
| DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ | PSOE |
| DON MANUEL COSTA CARNEIRO | PP |
| DON JOSE DAFONTE VARELA | PP |
| DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ | BNG |
| DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO | PP |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ | PP |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO | PSOE |
| DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS | PP |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN | PP |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON RAMÓN TOJO LENS | PP |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE | PSOE |

Non asiste a Sra. Freire Vázquez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/15, DO 27 DE XANEIRO.**

Sr. Secretario

Aquí no punto número terceiro desta acta "Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2015, 1ª fase", no Grupo 11, por un erro figura Ames, Cabaña, en realidade debe dicir A Baña, polo tanto se se aproba a acta, xa quedará corrixida.

**ACORDO**

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior, nº 1/15, do 27 de xaneiro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 751 Á Nº 3.050, DE 2015.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 751 á nº 3.050, de 2015.

**3.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o expediente da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, aprobado inicialmente por acordo plenario da deputación do 19 de decembro de 2014, no marco das "*Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*", que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello de Ribeira, relativa á dispoñibilidade dos terreos e aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromiso de aceptación da entrega das obras

1.- Aprobar provisionalmente a obra incluída na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, con indicación da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN DA OBRA | CONCELLO | PRESUPOSTO |
|---|---|---|---|
| 14.1130.0006.0 | Mellora da seguridade viaria e renovación de servizos na DP 7305 entre o PK 0+00 da CP 7306 e o Cruce coa Rúa Carreiro | Ribeira | 464.877,78 |
| | | **TOTAL** | **464.877.78** |

O financiamento desta obra incluída no Plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada polo proxecto do Concello de Ribeira, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera reclamación ningunha."

**4.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, PRIMEIRA FASE.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Soto Vivero

Bo día. Todos temos coñecemento que este é un tema que xa ten un longo percorrido, un tema que xa ten as súas primeiras iniciativas alá por finais dos noventa, e que parece ser que vai rematar chegando a bo porto a execución deste proxecto tan demandado, o proxecto que está redactado xa no ano 2009 e parece ser que vai ser aprobado e executado proximamente.

(Entra no salón o Sr. Calvelo Martínez).

Este Grupo provincial ten en distintas ocasións manifestado aquí a vontade de que realmente este proxecto fora levado a cabo e ten manifestado as preocupacións dos veciños de como se atopaba, cal era a situación real dese vial no seu día. Así no ano 2012 creo recordar que xa facíamos unha pregunta sobre cal era a prioridade desta obra para o Goberno provincial, e se había algún compromiso en firme para poder metela no orzamento 2013, daquela non houbera compromiso firme. En setembro de 2013 fixéramos un rogo, unha pregunta, o rogo ía no sentido de dar solución técnica a unha serie de problemas subxacentes a unhas obras que se estaban acometendo nese vial e que estaba executando a Deputación, e a pregunta era se había tamén un compromiso firme para poder plasmar orzamentariamente o proxecto, a execución do proxecto, para o ano 2009 no orzamento 2014, nese mesmo momento tampouco houbo ningún tipo de compromiso firme, e xa en 2014 este Grupo provincial apoiou unha alegación do Grupo municipal do BNG do Concello de Ares onde viña solicitar a inclusión deste proxecto no orzamento inicial de 2014, non houbo ese apoio por parte do Grupo de goberno, do Grupo provincial, e finalmente neste último ano tamén este Grupo municipal do Concello de Ares tamén presentou unha alegación ao proxecto inicial de orzamentos de 2015 desta institución para que se recollese ese proxecto, a execución dese proxecto no orzamento inicial, no anexo de investimentos de 2015, e tampouco tivemos o apoio do Grupo maioritario da

institución, máis se cabe cando tres meses antes, creo recordar, que aprobáramos unha moción a instancias deste Grupo, que eu represento, unha moción por unanimidade onde si que se manifestaba esa intención de recoller esa obra no proxecto inicial de orzamentos de 2015.

Parece ser que finalmente tomouse a decisión de levar a cabo esa execución, pero resulta sorpresivo que unha cuestión que foi desbotada hai un par de meses, na actualidade se lle dera un pulo novo á iniciativa política de levar a cabo todo iso.

Nós estamos contentos con iso, penso que as xustas reivindicacións dos veciños, tanto de Ares como de Chanteiro, como de Cervás, vanse ver plasmadas nesta iniciativa, polo cal volvo manifestar a nosa alegría por iso, pero ben, agardemos, eu supoño que ese pulo novo nesa iniciativa do Grupo de Goberno provincial para levar a cabo esa obra, eu supoño que non tiña nada que ver coa desgraza que houbo despois de aprobar inicialmente este orzamento deste 2015, esa desgraza que houbo nun accidente no mes de xaneiro, que realmente si que xa fora algo que xa estaba enriba da mesa para poder executar xa, porque realmente si que era unha demanda que finalmente se vai ver plasmada definitivamente. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nosoutros congratulámonos de que por fin se aprobe esta obra, é unha obra que, como di o voceiro neste tema do Grupo Nacionalista Galego, está planificada desde hai xa anos, e creo recordar que antes de finalizar o ano, paréceme, houbo un acordo unánime de todos os grupos políticos desta Deputación para facer que no ano 2015 esta obra fose unha realidade. Daquel compromiso creo que do mes de decembro do ano 2014, vén hoxe o compromiso, o punto na orde do día, de acometer esta obra. É unha obra demandada, necesitada, e congratulámonos e felicitámonos de que por fin se vai acometer.

Sr. Presidente

Alégrome moito de que todos se congratulen, e o Goberno tamén se congratula de que a oposición se congratule, co cal, xa que nos congratulamos todos, pasamos á votación.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2015, primeira fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4531/60900) | VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600) |
|---|---|---|---|
| 15.1110.0001.0 | Ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares a Chanteiro (Ares) Fase I | 1.212.735,62 | 223.014,75 |
| | **TOTAL** | **1.212.735,62** | **223.014,75** |

O financiamento do proxecto incluído neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**5.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, PRIMEIRA FASE.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Muiños Sánchez

Só quería que se nos aclarase esta actuación, que está suscitando algunha dúbida veciñal, se o proxecto vai contemplar que sexa dunha dobre dirección, única dirección, ou se queda aberto o proxecto que se vai desenvolver en Ribeira neste Plan de sendas peonís, pois permite tamén que estea aberto e que se contemple que poida acabar sendo dos dous sentidos, entón gustaríanos saber un pouco o proxecto que aprobamos, que imos dar o voto a favor, evidentemente, pero que se nos aclarase a este respecto cál é o que estamos a aprobar.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Supoño que o Sr. Muiños estábase referindo ao punto 3, que se refería á estrada provincial 7305, que é a estrada que transcorre por Aguiño, que efectivamente nos primeiros traballos que tivo a Deputación pensábase nun só carril posto que o ancho de beirarrúas duplicaba o

actual, e naquel momento non faría posible que fose de dobre sentido. No que está traballando agora a Deputación non é nos anchos variables das beirarrúas, senón que por unha das súas marxes, en concreto a marxe esquerda, teña un mínimo dun 70 ou un 80, co cal se permitiría conseguir todo o que a Deputación pretende, que é a mellora da seguridade viaria, coa mellora de aparcamentos na súa marxe, agora de 30, que pasaría a un mínimo de 80, e, polo tanto, o dobre sentido poderíase seguir facendo sen ningún tipo de problemas, e como lle dicía, coa mellora da seguridade viaria, tanto por aumentar ou variar o eixe da estrada, o que é o ancho de beirarrúas, como o que é a elevación de dous pasos de peóns. Polo tanto, niso están traballando, e agora co novo, digamos, procedemento que a Deputación ten, aínda queda o trámite de exposición pública e aprobación definitiva por este Pleno, onde en todo caso poderanse constatar estas melloras que agora simplemente, é porque así vén na memoria, pero que non estaría en ningún momento disputado coa dobre e única dirección. Grazas, Presidente.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2015, primeira fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4535/60900) | VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600) |
|---|---|---|---|
| 15.1170.0001.0 | Mellora da seguridade viaria na DP 0512 do Birloque a Arteixo por Uxes, desde o PK 2+430 ao 2+570 (A Coruña) | 37.864,52 | 2.696,40 |
| | **TOTAL** | **37.864,52** | **2.696,40** |

O financiamento do proxecto incluído neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA (APEM) PARA FINANCIAR O "PROXECTO DE FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL A TRAVÉS DA ARTESANÍA CERÁMICA".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de febreiro de 2015.

**2.-** Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES LA CORUÑA (APEM), (CIF G15034176), para financiar o proxecto de formación e inserción laboral a través da artesanía cerámica, e cunha achega da deputación de **81.939,97 euros**, que supón o 80% do orzamento do gasto que é de 102.424,96 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente, de acordo co texto do convenio que se achega:

"**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a entidade Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña para financiar o "Proxecto de formación e inserción laboral a través da artesanía cerámica"*.***

Na Coruña, de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Antonia Pérez Amieiro, Presidenta da Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña promove a recuperación e rehabilitación dos enfermos mentais e a súa integración na sociedade, e presta asistencia psicolóxica e moral aos familiares dos afectados pola enfermidade mental.

A entidade actualmente xestiona centros de rehabilitación psicosocial e laboral na Coruña (2), Betanzos, Cambre, Carballo, Cee e Vimianzo, contando ademais con dispositivos de vivenda alternativa (9 pisos protexidos e 1 unidade residencial) e desenvolve programas de asistencia a domicilio, escolas de familias, así como de ocio

e tempo libre. Tamén é titular dun centro especial de emprego (Emprego Social, S.L.) que conta con 57 traballadores.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da entidade Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña**,** con CIF G15034176, para o financiamento de gastos do "Proxecto de formación e inserción laboral a través da artesanía cerámica" para posteriormente, xerar a inserción laboral de persoas con discapacidade-enfermidade mental.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **Concepto** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Gastos de persoal: salarios e seguridade social | 1 Titulado grao superior | 25.936,64 € |
| | 1 Monitor especialista en cerámica | 19.506,72 € |
| | 1 Monitor/educador con experiencia en rehabilitación | 19.081,60 € |
| Material | Arxilas, esmaltes, pigmentos, utensilios específico cerámica, espátulas, palillos,... | 5.100,00 € |
| | Roupa de traballo alumnos | 1.300,00 € |
| Gastos xerais | Mantemento de locais, teléfono, transporte (combustible), seguros, asesoría,... | 2.700,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| Bolsas de formación | 20 alumnos (9€/día) | 28.800,00 € |
| ***Total*** | | ***102.424,96 €*** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **81.939,97 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase

elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de decembro de 2014 e o 31 de xullo de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de agosto de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.** A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de decembro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2015, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Asociación Pro Enfermos Mentales La Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**7.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PADRES DE DISMINUIDOS PSÍQUICOS "ASPADISOL" OLEIROS PARA FINANCIAR UN "OBRADOIRO DE XARDINERÍA".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de febreiro de 2015.

**2.-** Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE PADRES DE DISMINUÍDOS PSÍQUICOS "ASPADISOL" DE OLEIROS, (CIF G15407604), para financiar un obradoiro de xardinería, e cunha achega da deputación de **10.000 euros**, que

supón o 48,586% do orzamento do gasto que é de 20.581,96 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente, de acordo co texto do convenio que se achega:

**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de padres de disminuidos psíquicos “ASPADISOL” de Oleiros para financiar un obradoiro de xardinería**

Na Coruña, de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Juan Antonio Morlán Rey, presidente da Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros conta cun centro ocupacional onde se promove a formación ocupacional e laboral dos usuarios, posibilitando a aprendizaxe, capacitación e desenvolvemento de habilidades relacionadas neste caso, co ámbito da xardinería e do cultivo en invernadoiro.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da entidade Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros**,** con CIF G15407604, para o financiamento de gastos do “Obradoiro de xardinería” para persoas con discapacidade intelectual.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **Concepto** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Gastos de persoal: salario e seguridade social | 1 monitor | 17.050,88 € |
| Gastos xerais | Mantemento maquinaria agrícola | 781,08 € |
| | Combustible traslado usuarios | 2.750,00 € |
| ***Total*** | | ***20.581,96 €*** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **10.000€**, o que representa unha porcentaxe de **48,586%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **48,586%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de padres de disminuídos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que

foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse desde o **1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.** A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de padres de disminuídos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do

Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.A Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Asociación de padres de disminuidos psíquicos "ASPADISOL" de Oleiros, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**8.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIDADE PROVINCIAL DE PARAPLÉXICOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR “CURSOS DE INFORMÁTICA BÁSICA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 27 de xaneiro de 2015.

**2.-** Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a UNIDADE PROVINCIAL DE PARAPLÉXICOS DA CORUÑA, (CIF G15246549), para financiar cursos de informática básica, e cunha achega da deputación de **9.952 euros**, que supón o 80% do orzamento do gasto que é de 12.440 euros, e que será aboado conforme ao previsto na cláusula VI e VII deste, con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente, de acordo co texto do convenio que se achega:

**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Unidade Provincial de Parapléxicos da Coruña para financiar “Cursos de informática básica”**

Na Coruña, de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. José María Méndez López, presidente da Unidade provincial de parapléxicos da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña ten entre as súas finalidades conforme ao disposto nos seus estatutos, a de proporcionar formación para a integración laboral e social das persoas con diversidade funcional.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril , art.

36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da entidade Unidade provincial de parapléxicos da Coruña, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña**,** con CIF G15246549, para o financiamento de "Cursos de informática básica".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Unidade provincial de parapléxicos da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<table>
<tr><th colspan="3">CONCEPTO</th><th>IMPORTE</th></tr>
<tr><td rowspan="4">1.GASTOS DE PERSOAL:</td><td rowspan="2">1.1. Docentes (2)</td><td>Salarios</td><td>3.000,00 €</td></tr>
<tr><td>Seguridade Social</td><td>1.000,00 €</td></tr>
<tr><td rowspan="2">1.2. Coordinadores (2)</td><td>Salarios</td><td>760,00 €</td></tr>
<tr><td>Seguridade Social</td><td>272,00 €</td></tr>
<tr><td rowspan="11">2.GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS</td><td rowspan="6">2.1. Material cursos</td><td>Material ordenadores e fotocopiadora</td><td>3.680,00 €</td></tr>
<tr><td>Material alumnos</td><td>600,00 €</td></tr>
<tr><td>Material oficina</td><td>600,00 €</td></tr>
<tr><td>Libros alumnos</td><td>900,00 €</td></tr>
<tr><td>Fotocopias</td><td>400,00 €</td></tr>
<tr><td>Seguro RC</td><td>128,00 €</td></tr>
<tr><td rowspan="5">2.2. Outros gastos</td><td>Electricidade</td><td>120,00 €</td></tr>
<tr><td>Teléfono</td><td>80,00 €</td></tr>
<tr><td>Alugueiro local</td><td>400,00 €</td></tr>
<tr><td>Limpeza</td><td>100,00 €</td></tr>
<tr><td>Xestoría</td><td>400,00 €</td></tr>
<tr><td colspan="3">TOTAL</td><td>12.440,00 €</td></tr>
</table>

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **9.952€**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

.2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Unidade provincial de parapléxicos da Coruña.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Unidade provincial de parapléxicos da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de novembro de 2014 e o 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.** A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Unidade provincial de parapléxicos da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unidade provincial de parapléxicos da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Unidade provincial de parapléxicos da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Unidade provincial de parapléxicos da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre

outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Unidade provincial de parapléxicos da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de novembro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Para o caso de que a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Unidade provincial de parapléxicos da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**9.-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO INTERPOSTO POR DON ARGIMIRO DOCE PÉREZ.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Bo día a todos e a todas. Anunciar o noso voto en contra deste punto porque consideramos que ese recurso formulado vén expresar no fondo todas as argumentacións que viñamos nós dando neste Pleno en relación coa Relación de Postos de Traballo aprobada.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, para anunciar tamén o voto negativo do Grupo Socialista. Este punto está en relación con outro que xa vimos unha alegación que se dilucidou no Pleno do pasado vinte e sete de xaneiro, e en consonancia coa nosa exposición e coa nosa votación, o noso voto non pode ser máis que non, as explicacións son as mesmas que demos no Pleno do vinte e sete de xaneiro, e como sabemos que os nosos razoamentos non van variar o voto do Grupo maioritario, se alguén quere coñecer a historia remítoos as actas do vinte e sete de xaneiro. Nada máis e moitas grazas.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, e en contra do PSOE e do BNG, acorda:

"Visto o expediente 2015/1577, relativo ao recurso de reposición formulado polo funcionario don Argimiro Manuel Doce Pérez, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio da relación de postos de traballo desta Deputación para 2015, no que se acreditan os seguintes

**I.- ANTECEDENTES**

**I.1.-** O Pleno da Corporación, na súa sesión do 27 de novembro de 2014, adoptou entre outros o acordo de aprobación da relación de postos de traballo 2015, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 240, do 16 de decembro de 2014.

**I.2.-** O funcionario de carreira desta Deputación, don Argimiro Manuel Doce Pérez, presenta un escrito do 16 de xaneiro de 2015, no que formula o que denomina "incidente de nulidade" e subsidiariamente "recurso de reposición" contra a "Relación de Postos de Traballo que se xunta ao Orzamento de 2015 da Deputación da Coruña, aprobada inicialmente polo Pleno o día 27 de novembro de 2014…". Solicita que se estime o "incidente de nulidade" e que non se teña por publicada a relación de postos de traballo que se xunta aos orzamentos, e que non se teñan por efectuados os trámites posteriores á súa aprobación e posta en práctica, retrotraendo o expediente ao momento anterior á publicación; e, como petición subsidiaria, que se estime o recurso de reposición e que "non se teña por aprobada definitivamente a relación de postos de traballo que se xunta aos orzamentos… aprobados inicialmente o 27 de novembro de 2014".

**I.3.-** Fundamenta a primeira das súas peticións, a nulidade, en que a publicación non contén o requisito de determinar se a aprobación da relación de postos de traballo é definitiva ou non na vía administrativa, nin a expresión dos recursos procedentes e o órgano ante o que terían que presentarse, nin o prazo para interpoñelos. Consta no expediente administrativo a notificación mediante o procedemento de envío do 22 de decembro de 2014 a cada un dos empregados públicos da Deputación ás súas contas persoais do correo electrónico corporativo, en cuxo texto figuraban as ligazóns correspondentes aos textos do acordo plenario completo e do Boletín Oficial da Provincia no que foi publicada a relación de postos de traballo, e, ademais, expresamente o texto no que se recolle o carácter definitivo do acto e os recursos e prazos para interpoñelos.

**I.4.-** A segunda petición, como recurso de reposición, fundaméntaa en que a relación de postos de traballo "que se xunta ao Orzamento de 2015", modifica as contías dos complementos específicos de varios postos de traballo, sen que se efectuara previamente unha valoración dos postos, tal como esixe a normativa vixente que cita.

**I.5.-** O recorrente era titular na data en que se aprobou o acordo impugnado dun posto de Analista Técnico, subgrupo A2, escala de Administración Especial, clase Técnico Medio.

Con data do 16 de xaneiro de 2015, o recorrente tomou posesión dunha praza de Técnico de Organización da aprobada e vixente Relación de Postos de Traballo 2015 obxecto do seu recurso, cuxa entrada en vigor tivo lugar o día 1 de xaneiro de 2015. A dita praza foi adscrita ao posto de igual denominación, no proceso de promoción interna convocado para o efecto; praza e posto aprobados precisamente xunto con outras que tamén foron cubertas coa mesma data do 16 de xaneiro actual.

**I.6.-** Consta no expediente de aprobación da relación de postos de traballo o proceso de negociación levado a cabo na Mesa Xeral de Negociación de Empregrados Públicos da Deputación, que deu lugar á remisión da proposta ao Pleno da Corporación e que foi aprobada por este no acordo impugnado.

Neste aspecto, considérase necesario sinalar o proceso temporal que dá lugar á reestruturación orgánica da Deputación da Coruña que ata a data do acordo impugnado foi, en síntese, o seguinte:

- Acordo plenario do 29/06/2012. Plan de emprego específico de reestruturación da Área de Organización e Sistemas (con posterioridade, Área de Persoal e Organización): encamiñado esencialmente para dentro dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade e de avance na mellora dos servizos públicos cara a súa excelencia, mellorando o rendemento dos recursos humanos da Deputación, redirixindo os fluxos de traballo e redistribuíndo os efectivos e flexibilizando as súas funcións para un mellor servizo á propia Deputación e co obxectivo principal de satisfacer as necesidades de asistencia aos municipios da provincia, finalidade principal e fundamental das Deputacións. Apoiado pola maioría das representacións sindicais presentes na correspondente Mesa Xeral de Negociación (CIG, UGT e USTG co seu voto favorable, CCOO en contra). Reorganización establecida polo acordo plenario que establece unha cuantificación de factores compoñentes do complemento específico dos postos, en atención ao desenvolvemento dunhas funcións, en aquel momento, específicas dos postos de traballo da Área antes indicada; igualmente, establece un proceso a promoción interna específica dentro da dita Área, así como tamén a consolidación de emprego temporal e a mobilidade e reasignación interna do persoal.

- Acordo plenario do 23/11/2012. Aprobación da relación de postos de traballo 2013, que contén, entre as súas disposicións, a iniciación dos trámites necesarios para a formulación e aprobación do Plan de Emprego 2013-2015. Apoiado pola maioría das representacións sindicais presentes na correspondente Mesa Xeral de Negociación (CIG, UGT e USTG co seu voto favorable, CCOO en contra).

- Acordos plenarios do 31/05/2013. Aprobación da Planificación Estratéxica da Deputación e da Reestruturación Orgánica. Apoiado pola totalidade das representacións sindicais presentes na correspondente Mesa Xeral de Negociación (CCOO, CIG, UGT e USTG). A orientación destes acordos vai dirixida especificamente á "prestación aos municipios de apoio técnico e solvencia

profesional… vinculando os recursos económicos e a cooperación cos municipios aos proxectos técnicos requiridos por estes, achegándolles competencia profesional e actuando cunha visión de conxunto". Apróbase a reorganización da estrutura da Deputación en Áreas, as actualmente vixentes, como primeira fase do desenvolvemento da reestruturación orgánica, e igualmente, aprobase o Plan de emprego 2013-2015, establecendo as actuacións fundamentais en canto ao desenvolvemento da formación, promoción interna e carreira profesional, consolidación de emprego temporal e funcionarización do persoal laboral, así como o establecemento dun sistema de mellora da produtividade vinculada á consecución dos obxectivos previamente definidos.

- Acordos plenarios do 31/07/2013 e 13/09/2013. Aproban definitivamente a reorganización 2013, primeira fase de desenvolvemento. Modificación da relación de postos de traballo 2013. Resultado da valoración dos postos de traballo realizada, asígnanselle a varios deles uns factores compoñentes do complemento específico que se consideran nese momento correspondentes coas funcións que así mesmo se lles asignan aos postos (factores identificados con números 1 ao 7, e que se corresponden cos antes aprobados para a Área de Organización no acordo plenario do 29/06/2012), encamiñadas á asistencia específica e concreta deses postos aos municipios. Apoiado pola maioría das representacións sindicais presentes na correspondente Mesa Xeral de Negociación (CIG, UGT e USTG co seu voto favorable, CCOO formulou un voto particular).

- Acordos plenarios do 22/11/2013 e 20/12/2013. Aproban definitivamente a Reorganización 2013, Segunda fase de desenvolvemento. Relación de Postos de Traballo 2014. Resultado igualmente da valoración realizada dos postos de traballo, es particular na Área de Tesourería e Xestión de Tributos, engadindo ademais unha primeira parte ou primeira fase de implantación dun novo sistema de produtividade por obxectivos que supón un compoñente, novo tamén, de retribución variable (a maiores do fixo), que ademais debía servir de base para a súa extensión posterior ao resto das Áreas da Deputación. Apoiado por unha das representacións sindicais presentes na correspondente Mesa Xeral (USTG co seu voto favorable, CCOO, CIG e UGT en contra).

- Acordos plenarios do 27/11/2014. Reestruturación orgánica, Terceira fase do desenvolvemento 2013-2015, Relación de Postos de Traballo 2015 (<u>obxecto do recurso de reposición</u>); aprobación do Cadro de Persoal 2015, e Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos asignados a cada unidade e traballador, bases e criterios do complemento especial de produtividade. Apoiado por dúas das catro representacións sindicais na correspondente Mesa Xeral de Negociación (CCOO e USTG en sentido favorable, logo do acordo en canto á aceptación de varias das súas propostas pola parte da Corporación; un 50% das organizacións integrantes da Mesa; CIG e UGT en contra). <u>No acordo, tendo en conta os resultados acadados ata esa data no desenvolvemento das precedentes fases da reestruturación, déixanse sen efecto funcións asignadas con anterioridade a diversos postos e previamente valoradas e factorizadas nos complementos específicos (eliminando os citados factores do específico numerados do 1 ao 7 e que se valoraron e estableceron no específico en correspondencia das función eliminadas), aprobándose, pola contra, as novas</u>

funcións básicas dos postos tipo para toda a organización, encamiñadas, todas elas e en todos os postos de traballo da Deputación sen excepción á "**asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia**". Igualmente, reestrutúranse unidades específicas que quedaran pendentes nas fases precedentes e **séntanse as bases da funcionarización de todo o persoal laboral**. Por último, establécese e esténdese o **novo sistema de retribución variable, a maiores do fixo**, de maneira similar para todos os empregados da Deputación, ampliando as dotacións presupostarias para dita finalidade previa eliminación doutras. **A eliminación dos citados factores 1 ao 7, foi a eliminación duns factores que xa estaban previamente taxados e valorados, correspondentes a funcións concretas que tamén se eliminan, e que, cando se estableceron, non foi cuestionada a súa valoración. E consecuentemente a súa eliminación implica a eliminación da parte correspondente do complemento específico.**

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

**II.1.-** Artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en canto establece as causas de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos, entre as que non figura a aducida polo recorrente.

**II.2.-** Artigos 63 e seguintes da dita Lei 30/1992, sobre a anulabilidade dos actos administrativos. Do exposto no antecedente I.3, dedúcese claramente que o acto impugnado non incorre en ningunha das causas de anulabilidade, e en calquera caso, a actuación do propio recorrente, coa interposición do presente recurso de reposición dentro do prazo legal, fai xurdir os plenos efectos do acto impugnado como válido, segundo o establecido no artigo 58.3 da repetida Lei 30/1992.

**II.3.-** A recente xurisprudencia (por todas, a STS do 25/02/2014, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª), establece claramente o carácter de acto administrativo das relacións de postos de traballo, polo que o acordo é definitivo na vía administrativa, sen que exista en consecuencia unha "aprobación inicial", senón unicamente a definitiva, entrando en vigor a Relación de Postos de Traballo 2015 na data expresamente sinalada no propio acordo, segundo o establecido nos artigos 56 e seguintes da Lei 30/1992. A que o recorrente denomina como "Relación de postos de traballo que se xunta ao Orzamento de 2015 da Deputación da Coruña, aprobada inicialmente polo Pleno o día 27 de novembro de 2014" non é a relación propiamente dita, acto administrativo e independente do cadro de persoal e do orzamento e do "anexo de persoal" que se achega e acompaña a este último.

**II.4.-** O acordo obxecto das reclamacións establece, entre outros aspectos, a *"… finalidade de establecer un sistema obxectivo de produtividade por obxectivos e unha avaliación total do rendemento que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da organización…"*, polo que aproban *"… na relación de postos de traballo as funcións básicas dos postos tipo, deixando invariables, en principio, as dos postos concretos que, pola súa especificidade, foron sinaladas nos acordos plenarios aprobatorios da vixente para o ano 2014 (aprobación inicial na sesión do 22 de novembro de 2013, e definitiva na do 20 de decembro seguinte), nos seus apartados*

*8 (Área de Tesourería e Xestión de Tributos) e 9 (Fogar Infantil/Centro de Día de Menores, postos de Educador, Educador-Titor), así como,* ***consecuentemente, deixar tamén sen efecto os factores asignados aos complementos específicos correspondentes (factores 1 ao 7, inclusive****)".* En consecuencia, a modificación do sistema retributivo anterior e o establecemento doutro que inclúe a maiores unha parte variable e que se aplica a todos os traballadores públicos da Deputación.

**II.5.-** A través das respectivas Mesas de Negociación do persoal, e mediante a relación de postos de traballo, analízanse as funcións e avalíanse os distintos postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven ou que se lles asignan de novo, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica das ditas funcións asignadas aos postos, levándose a efecto as correspondentes modificacións mediante a aprobación e/ou modificación da relación de postos de traballo, de conformidade sempre co disposto na legalidade vixente, en especial, o RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Admón. Local (art. 4.1). No caso presente, ademais, logo da negociación e amplo acordo ca representación sindical (CCOO e USTG, dúas de catro organizacións presentes na Mesa Xeral e o 50% da representación sindical).

**II.6.-** A potestade de autoorganizacion das administracións públicas, no caso presente, da Deputación, supón a súa habilitación para modificar funcións, redefinilas ou, incluso, suprimir algunha delas, sempre que, como ocorre no caso presente, non se incorra en infracción legal. O Real decreto 861/1986, no seu artigo 4, establece literalmente que a modificación do complemento especifico esixe que con carácter previo a Corporación efectúe "unha valoración DO POSTO DE TRABALLO", en singular, xa que se trata, precisamente, da modificación específica duns postos concretos, o que significa que os demais postos, se non experimentan modificación, non teñen que volver a ser avaliados, o que xa de por si contradí a interpretación do recorrente, que se limita a sinalar xenericamente o texto do devandito precepto, pretendendo, sen máis, que se deixe sen efecto a relación de postos de traballo, volvendo á aprobada para 2014, pero sen concretar os postos afectados e os motivos en que fundamenta a súa afirmación da falta de valoración dos postos.

**II.7.-** As funcións dos postos que resultan afectados na relación de postos de traballo 2015, pasan a ser esencialmente coincidentes todas elas en canto á intensidade da dificultade técnica, responsabilidade, dedicación e incompatibilidade esixidas para o seu eficiente desempeño, o que está totalmente admitido pola xurisprudencia (por todas, entre outras moitas, a STSJ de Castilla-La Mancha do 26/11/2003, e a sensu contrario, a do STS do 22/12/1994), en canto establece que os funcionarios que realicen a mesma función deben percibir o mesmo complemento, e que os que realicen funcións distintas, con independencia do grupo, percibirán complemento distinto, tendo en conta que o complemento específico "**é unha retribución discrecional e referenciada ao posto de traballo realmente desempeñado, cuxas características determinaron a decisión da administración para a súa atribución, cuantificándose en función daquelas e os conceptos que este implica no seu contido normado**" (STSJ de Valencia do 31/01/2001).

**II.8.-** Citar, por último, a STC do 18/10/1993, con antecedentes nas SSTC do 14/10/1991, en canto sinala que "…**o principio xeral de igualdade no ámbito da**

**<u>función pública… non confire un dereito substantivo a desempeñar funcións determinadas (SSTC 50/1986 e 200/1991)</u>**. En suma, se valorados uns postos determinados, dentro do contexto da totalidade da organización, se chega á conclusión de variar as funcións que teñen asignadas, eliminando as que supoñían unha factorización e consecuente esa retribución específica dentro do complemento específico, esa retribución, en lóxica consecuencia, ten que desaparecer do tal complemento.

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal e a xurisprudencia citada.

Desestimar o recurso de reposición interposto/formulado polo funcionario don Argimiro Manuel Doce Pérez, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio da relación de postos de traballo 2015 desta Deputación.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme co disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente."

**10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (ACBECCA) PARA FINANCIAR O PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL PARA A CAMPAÑA DE NADAL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A) con CIF G15153869, para financiar o proxecto "Plan de promoción e dinamización do comercio local para a campaña de Nadal".

4º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 25.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431.4/481.

6º Facultar ao Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona Antonia Anido Díaz, con DNI núm. 76340097S, en representación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.)

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente dedicada ao pequeno comercio, que se desenvolve en Betanzos e na súa comarca. O comercio de Betanzos, ademais dunha ampla oferta e da variedade comercial pretende funcionar como motor de compra, achegar unha oferta de ocio complementaria, ofrecer unha imaxe comercial conxunta e ofrecer aos clientes un amplo abano de vantaxes fronte ás grandes superficies.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.)**, CIF G15153869, para o financiamento do proxecto “*Plan de promoción e dinamización do comercio local para a Campaña de Nadal*”.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| **Gastos de persoal directamente adscrito á entidade (1 traballador)** | | **2.000,00 €** |
| **Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola entidade** | | **29.250,00 €** |
| Monitores pista de xeo | 4.350,00 € | |
| Aluguer carpa campaña Nadal | 5.000,00 € | |
| Aluguer pista xeo campaña Nadal | 17.750,00 € | |
| Seguridade | 430,00 € | |
| Sinalización e rotulación | 220,00 € | |
| Premio sorteo campaña de Nadal | 1.500,00 € | |
| **TOTAL** | | **31.250,00 €** |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.).

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais

xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar entre o 12 de decembro de 2014 ata o 11 de xaneiro de 2015 e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para

que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 12 de decembro de 2014 ata o 11 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de maio do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de abril de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN | O representante da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (A.C.E.BE.C.C.A.)” |
| DON DIEGO CALVO POUSO | |

**11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR O “PLAN IMPULSO COMERCIAL CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL con CIF G15786411 para financiar o proxecto “Plan de impulso comercial no Concello da Pobra do Caramiñal”.

4º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 34.424,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431.4/481.

6º Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona María Amparo Cerecedo Sánchez, con DNI núm. 52453625D, en representación da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL consideran de gran interese para a provincia executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector do comercio, xa que existen poucas oportunidades e apoios para o auto emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e a profesionalización do sector, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta comercial fronte á estandarización das localidades limítrofes.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, CIF G15786411, para o financiamento do proxecto "Plan de impulso comercial no Concello da Pobra do Caramiñal".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| ASESORÍA TÉCNICA | 19.430,00 € |
| Soldos e Salarios e Seguridade Social | |
| CONSUMOS | 1.200,00 € |
| Teléfono e internet | |
| Funxibles | |
| Electricidade e auga | |
| Material de oficina (non inventariable) | |
| ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN COMERCIAL | 11.600,00 € |
| Edición de guías para o autoemprego | |
| Publicidade proxecto | |
| Rotulación de escaparates da bolsa de baixos negociado | |
| Cursos formativos para emprendedores e autónomos | |
| Formación especializada en autoemprego e xestión | |
| Acompañamento empresarial inicial a emprendedores | |
| Campañas e eventos para a dinamización comercial | |
| ALUGUEIRO LOCAL VIVEIRO DE EMPRESAS | 10.800,00 € |
| TOTAL | 43.030,00 € |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 34.424,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como

xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO

CARAMIÑAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2015.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO”

O representante da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

**12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO QUE INSTRUMENTA “PRESENTACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO DESTINO GASTRONÓMICO EN MADRID”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Analizados os informes emitidos por Promoción Económica e polo Servizo de Fiscalización:

-Corrixir o erro que se produciu na traslación literal das propostas ao acordo plenario, adoptado polo Pleno da Corporación o 19 de decembro de 2014, no que quedou aprobado o convenio que se ha asinar co Concello de Santiago para financiar a “*Presentación de Santiago de Compostela como destino gastronómico en Madrid*”, para determinar de forma indubitada que o importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01 do orzamento do 2015, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.”

**13.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE NEDA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Neda para financiar a adquisición dun inmoble, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de febreiro de 2015.

2. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención.

3. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEDA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE cunha achega provincial de 105.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/93391/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00 %.

CONVENIO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEDA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN INMOBLE**

A Coruña ___de ______________ de dous mil quince

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. José Ignacio Cabezón Lorenzo, Alcalde-Presidente do Concello DE NEDA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE NEDA ambas as dúas partes

**A C O R D AN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE NEDA ( P-1505600E) para o financiamento da adquisición do ben inmoble que se describe de seguido:

SITUACIÓN Av. de Alxeciras núm.32 baixo- Neda
REFERENCIAS CATASTRAIS: 8471221NJ6187S0001YT
USO PRINCIPAL DO INMOBLE Oficina
INSCRICIÓN REXISTRAL: Folio 221 do Tomo 946, Libro 51 de Neda, predio rexistral núm. 5.130 do
Rexistro da Propiedade de Narón

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.**

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DE NEDA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **105.000,00 EUROS**.

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **105.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **100,00%**
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201** que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE NEDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE NEDA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas o entidades vinculadas á CONCELLO DE NEDA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O CONCELLO DE NEDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, O CONCELLO DE NEDA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade disposta no disposto na **Base 57º das de execución do Orzamento para o ano 2015**, ata **o 40 por cento** da achega da Deputación ten

carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE NEDA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - Descrición física e xurídica do ben.
  - Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
  - Valoración pericial.
  - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
  - Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE NEDA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE NEDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN

MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE NEDA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE NEDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE NEDA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE NEDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

.1. O CONCELLO DE NEDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O CONCELLO DE NEDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE NEDA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE NEDA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmoble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso
non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE NEDA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE NEDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**.
1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de novembro do presente ano**

2.Para o caso de que o **CONCELLO DE NEDA** non poida ter adquiridas as fincas **antes do 1 de agosto** e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE NEDA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**
1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE NEDA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do _____ de _________do dous mil quince

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEDA |
| DIEGO CALVO POUSO | D. JOSÉ IGNACIO CABEZÓN LORENZO” |

**14.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTERNA E ACABADOS TEATRO CINE ELMA, POBRA DO CARAMIÑAL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas en proxecto básico e de execución de rehabilitación interna e acabados Teatro Cine Elma, Pobra do Caramiñal moble, así coma os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de febreiro de 2015.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas en proxecto básico e de execución de rehabilitación interna e acabados Teatro Cine Elma, Pobra do Caramiñal, cunha achega da Deputación equivalente ao importe do proxecto e que ascende a 234.846,77 euros (orzamento subvencionable) e que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0620/3343/76201, considerando que concorren razóns excepcionais que xustifican a subvención dado que o citado ben, que pertenceu ao patrimonio provincial, foi cedido en propiedade ao Concello da Pobra do Caramiñal sen rehabilitar, e coa presente subvención posibilitarase que o inmoble se atope en perfectas condicións de uso e funcionamento para a finalidade cultural á que se destina.

CONVENIO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTERNA E ACABADOS DO TEATRO CINE ELMA. POBRA DO CARAMIÑAL**

A Coruña, do 2015

**Reunidos**

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Pobra do Caramiñal, D.. Isaac Ventura Maceiras Rivas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**M A N I F E S T A N**

1. O Cine Elma está situado en Pobra do Caramiñal. O autor do proxecto foi o arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez (1952), sendo inaugurado o Teatro no ano 1953.
2. O edificio está na esquina da rúa peonil Rafael Calleja e a Calle Fernández Varela na Pobra do Caramiñal (A Coruña) nunha parcela dentro do casco urbano.
3. O edificio é unha construción moi estimable, como arquitectura racionalista, de autor, representativa en Galicia de movementos internacionais de vangarda da metade do S. XX
4. A Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución da Presidencia nº 19183 do 12 de novembro de 2001 aprobou a adquisición mediante compravenda do citado edificio no prezo de 47.582.540 ptas. equivalente a 285.976,82 €
5. A escritura de compravenda foi outorgada ante o Notario de Pobra do Caramiñal D. Juan Ramón Furrasola González, Notario do Ilustre Colexio da Coruña, con residencia en Noia, como substituto do notario D. Víctor José Peón Rama, notario con residencia na Pobra do Caramiñal, o día 16 de novembro de 2001, co número de protocolo 1.076. Na escritura interviñeron D. José Luis Escurís Villa e D. Víctor Losada Valín en representación da sociedade Villaval Inmobiliaria, S.L. na súa condición de dono do Cine Elma e a Deputación da Coruña, como compradora, representada polo seu entonces presidente D. José Luis Torres Colomer.

6. O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 31.01.2014 adoptou o seguinte acordo:

*"11.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DO EDIFICIO DENOMINADO CINE ELMA NA POBRA DO CARAMIÑAL E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE TITULARIDADE.*

*A) Aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma propiedade desta Deputación sito na Pobra do Caramiñal quedando cualificado como ben patrimonial.*

*B) Aprobar definitivamente o expediente de cesión de titularidade. As condicións de cesión son as seguintes:*

*1. Que o edificio Cine Elma se dedique a actividades de cine, teatro, conferencias, exposicións e calquera outra actividade cultural compatible coa súa natureza, durante o prazo indicado no seguinte apartado.*

*2. Que non se poida desafectar nin allear nun prazo mínimo de 30 anos.*

*3. O Concello da Pobra do Caramiñal facilitaralle á Deputación o uso gratuíto do inmoble ata un máximo de 15 días ao ano nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións e durante o prazo establecido no apartado primeiro.*

*En caso de incumprimento de calquera das condicións, o citado ben reverterá á Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.*

*4. Rectificar no Inventario de Bens da Deputación a situación xurídica e patrimonial deste inmoble"*

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Pobra do Caramiñal en mellorar e por en valor esta infraestrutura cultural a o servizo dos cidadáns, ambas as dúas partes

**A C O R D AN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pobra do Caramiñal con CIF P-1506800J para o financiamento das obras incluídas no proxecto básico e de execución de rehabilitación interna e acabadosTeatro Cine Elma, que aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Hildegard González-Cebrián Fernández de Caleya.

2- O Concello de Pobra do Caramiñal, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Pobra do Caramiñal, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta, así como as condicións de cesión establecidas no acordo plenario da deputación de 25.11.2013.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| P. E.M: | 163.099,36 euros |
| Gastos xerais 13,00% | 21.202,92 euros |
| Beneficio Industrial 6,00 % | 9.785,96 euros |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO | 40.758,53 euros |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 234.846,77 euros |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **234.846,77 euros** o que representa unha porcentaxe do **100,00%.**

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0620/3343/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de Pobra do Caramiñal que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Pobra do Caramiñal o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Pobra do Caramiñal axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Pobra do Caramiñal estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Pobra do Caramiñal pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo Director da mesma, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo Director da Obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Pobra do Caramiñal, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Pobra do Caramiñal na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Pobra do Caramiñal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**
1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Pobra do Caramiñal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Pobra do Caramiñal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Pobra do Caramiñal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Pobra do Caramiñal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Pobra do Caramiñal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Pobra do Caramiñal poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de Pobra do Caramiñal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.
5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Pobra do Caramiñal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde o 01 de xaneiro de 2015 e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2015.**
2. Para o caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de agosto** de 2015, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director de Obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Pobra do Caramiñal perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora (Servizo de Patrimonio), da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Pobra do Caramiñal, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o de do 2015
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL |
|---|---|
| DIEGO CALVO POUSO | ISAAC VENTURA MACEIRAS RIVAS” |

**15.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 12 de setembro de 2014 e publicadas no BOP nº 177 do 17 de setembro de 2014

Vistos os proxectos e demais documentación que están correctos e completos relativos á anualidade 2015 do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal que foron presentados telematicamente polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en setembro de 2014

1.- Aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) do ano 2015, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados en que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no anexo I (POS - investimentos) e no anexo II (POS - gastos correntes) a este acordo.

| | | **POS 2015** | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **DETALLE DE FINANCIAMENTO** | | |
| **SECCIÓN** | **PARTIDA** | **DEPUTACIÓN** | **CONCELLO** | **TOTAL** |
| **POS- gastos correntes** | 0430 / 4592/ 46201 | 4.901.007,26 | 0,00 | 4.901.007,26 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **POS - amortización de débeda** | 0430 / 4592/ 46201 | 0, 00 | 0,00 | 0,00 |
| **POS- Investimentos: obras e subministracións** | 0430/ 4592 / 76201 | 19.298.992,68 | 820.673,99 | 20.119.666,67 |
| | **TOTAIS** | **24.199.999,94** | **820.673,99** | **25.020.673,93** |

2.- Aprobar os proxectos das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos. No entanto, a aprobación definitiva dos investimentos que no anexo I teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo I.

3.- Aprobar o Plan complementario ao apartado POS - investimentos, no que se inclúen as obras e subministracións que se detallan no anexo III a este acordo. Estas obras e subministracións teñen carácter supletorio e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen xerar por anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras e subministracións incluídas no Plan complementario. No entanto, a aprobación definitiva das obras e subministracións que no anexo III teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos realizaraas os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada no POS 2015 ao financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2015 cuxa relación e importe que se ha transferir figuran no anexo II a este acordo.

O dito pago realizarase con cargo á partida 0430/4592/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

6.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

7.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

8.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.

**POS 2015**

**Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)**

**Anexo I:** **Obras e investimentos**

| Concello | Código | Denominación | DEPUTACIÓN | CONCELLO | TOTAL | CONDICIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ABEGONDO** | 15.2100.0001.0 | REP.CMÑS. PRRQ. PRESEDO, CERNEDA, LEIRO E O. | 64.222,94 | 0,00 | 64.222,94 | |
| | 15.2100.0002.0 | REP.CMÑS. PRRQ. VIZOÑO,MONTOUTO E FIGUEROA | 55.333,61 | 0,00 | 55.333,61 | |
| | 15.2100.0003.0 | REPARAC.CMÑS. PRRQ. ABEGONDO E MABEGONDO | 38.094,43 | 0,00 | 38.094,43 | |
| | 15.2100.0004.0 | REP.CMÑS. ENTRE O IGREXARIO-CABANAS E OUT. | 42.110,51 | 0,00 | 42.110,51 | |
| | | **TOTAL** | **199.761,49** | **0,00** | **199.761,49** | |
| **AMES** | 15.2100.0005.0 | MELLORA DE CAMIÑO NO LUGAR DE VENTOSA | 67.913,55 | 0,00 | 67.913,55 | |
| | 15.2100.0006.0 | MELL.CAMIÑO DE FOXOS NO LUGAR DE VENTOSA | 62.191,74 | 0,00 | 62.191,74 | |
| | 15.2100.0007.0 | REP. INST. CLUBE PIRAGÜISMO RIBEIRA TAMBRE | 49.963,19 | 0,00 | 49.963,19 | |
| | 15.2100.0008.0 | ADEC. PRAZA ENTRE AGRO DA MADALENA E OU. | 50.000,00 | 0,00 | 50.000,00 | |
| | 15.2100.0009.0 | REP. SINALIZ. HORIZ. BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO | 132.241,51 | 0,00 | 132.241,51 | |
| | 15.2100.0010.0 | CAMIÑO DE OUTEIRO-COSTOIA-LÍMITE CONC. E OU. | 138.183,88 | 0,00 | 138.183,88 | |
| | | **TOTAL** | **500.493,87** | **0,00** | **500.493,87** | |
| **ARANGA** | 15.2100.0011.0 | MELLORA PAV. NAS PRRQ. CAMBAS E VILARRASO | 99.497,48 | 0,00 | 99.497,48 | |
| | 15.2100.0012.0 | MELLORA PAV.PRRQ. DE FEAS, MUNIFERRAL E OU. | 93.553,12 | 0,00 | 93.553,12 | |
| | | **TOTAL** | **193.050,60** | **0,00** | **193.050,60** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ARES** | 15.2100.0013.0 | ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO PORTA DO RIO | 43.826,09 | 0,00 | 43.826,09 | Autorización de Augas de Galicia da CMATI |
| | 15.2100.0014.0 | REPARACIÓN DE CAMIÑO DE MAIOBRE A LUBRE | 38.937,68 | 0,00 | 38.937,68 | |
| | | **TOTAL** | **82.763,77** | **0,00** | **82.763,77** | |
| **ARTEIXO** | 15.2100.0015.0 | MELL.REDE SAN. URBANIZ. MONTEGOLF. ZONA 2 | 134.197,19 | 19.567,21 | 153.764,40 | |
| | 15.2100.0016.0 | 4ª AMPLIACIÓN SANEAM. PARROQUIA BARRAÑÁN | 210.694,34 | 30.721,22 | 241.415,56 | |
| | 15.2100.0017.0 | SANEAMENTO NA PARROQUIA DE ARMENTÓN | 206.079,67 | 30.048,36 | 236.128,03 | |
| | | **TOTAL** | **550.971,20** | **80.336,79** | **631.307,99** | |
| **ARZÚA** | 15.2100.0018.0 | SINALIZACION NÚCLEO URBANO DE ARZÚA E OUT. | 144.565,65 | 0,00 | 144.565,65 | |
| | 15.2100.0019.0 | AMPL. DA REDE DE ABAST. AUGA EN DOMBODAN | 111.401,11 | 0,00 | 111.401,11 | |
| | | **TOTAL** | **255.966,76** | **0,00** | **255.966,76** | |
| **BAÑA (A)** | 15.2100.0020.0 | PAV. CORNEIRA, MARCELLE, ERMIDA E GOSENDE | 41.445,46 | 0,00 | 41.445,46 | |
| | 15.2100.0021.0 | PAV. EN TROITOSENDE, FIOPÁNS E PARAXÓ | 43.662,16 | 0,00 | 43.662,16 | |
| | 15.2100.0022.0 | PAVIMEN. V. P. EN SAN MAMEDE E SAN CIBRÁN | 48.915,57 | 0,00 | 48.915,57 | |
| | 15.2100.0023.0 | PAV. TROITOSENDE, LAÑAS, CABANAS E OUT. | 56.817,80 | 0,00 | 56.817,80 | |
| | 15.2100.0024.0 | PAVIMENT. V. P. EN ARZÓN E SEOANE-CASTRO | 47.814,41 | 0,00 | 47.814,41 | |
| | | **TOTAL** | **238.655,40** | **0,00** | **238.655,40** | |
| **BERGONDO** | 15.2100.0025.0 | SANEAMENTO DE "A LAGOA" (OUCES) | 190.333,67 | 60.486,92 | 250.820,59 | Autorización Axencia Galega de Infraestruturas da CMATI<br>Autorización de Costas da CMATI<br>Dar conta ao Pleno da aprobación do proxecto corrixido |
| | | **TOTAL** | **190.333,67** | **60.486,92** | **250.820,59** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **BETANZOS** | 15.2100.0026.0 | PAVIMENTAC .E RENOV. SERVIZOS NA RUA CAÑOTA | 237.162,02 | 33.795,39 | 270.957,41 | |
| | | **TOTAL** | **237.162,02** | **33.795,39** | **270.957,41** | |
| **BOIMORTO** | 15.2100.0027.0 | MELL.CMÑOS. PRRQS. ARCEO, BOIMORTO E OUT. | 83.713,11 | 0,00 | 83.713,11 | Autorización da Dirección Xeral Patrimonio, C. de Cultura |
| | 15.2100.0028.0 | MELL.ACCESOS E VERQUIDO DEPURADORA BOIMIL | 34.510,22 | 0,00 | 34.510,22 | Autorización da Dirección Xeral Patrimonio, C. de Cultura Autorización Axencia Galega de Infraestruturas da CMATI Autorización de Augas de Galicia da CMATI |
| | | **TOTAL** | **118.223,33** | **0,00** | **118.223,33** | |
| **BOIRO** | 15.2100.0029.0 | PAV.SALTIÑO,GRASO, TRIÑANS E PAZOS DE COR, | 157.553,40 | 0,00 | 157.553,40 | |
| | 15.2100.0030.0 | PAV.ABANQUEIRO,BRAZOS,BEL USO,MANGAS E OU. | 111.283,23 | 0,00 | 111.283,23 | |
| | 15.2100.0031.0 | PAVIM. FONTELOMBA, BOLIÑA, BALTEIRO E OU. | 107.067,21 | 0,00 | 107.067,21 | |
| | | **TOTAL** | **375.903,84** | **0,00** | **375.903,84** | |
| **BOQUEIXÓN** | 15.2100.0032.0 | REP. CMÑO. IGREXA LESTEDO A C. INTERPR. E OU. | 127.331,04 | 0,00 | 127.331,04 | Autorización da Dirección Xeral Patrimonio, C. de Cultura |
| | | **TOTAL** | **127.331,04** | **0,00** | **127.331,04** | |
| **BRIÓN** | 15.2100.0033.0 | MANTEMENTO PISTA GUITIANDE, VILANOVA E OU. | 113.969,90 | 0,00 | 113.969,90 | |
| | 15.2100.0034.0 | BEIRARR. PAV.POLIDEP. E ACC. Z. ESCOLAR LAMIÑO | 31.774,49 | 0,00 | 31.774,49 | |
| | | **TOTAL** | **145.744,39** | **0,00** | **145.744,39** | |
| **CABANA DE B.** | 15.2100.0035.0 | CONSERV. ESTR. CAMPO FUTBOL-AS RED. E OU. | 80.070,87 | 0,00 | 80.070,87 | |
| | 15.2100.0036.0 | CONSERV. ESTR.GUISANDE- A MEDOÑA E OU. | 80.188,10 | 0,00 | 80.188,10 | |
| | | **TOTAL** | **160.258,97** | **0,00** | **160.258,97** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CABANAS** | 15.2100.0037.0 | PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA ESCOLA | 89.609,51 | 0,00 | 89.609,51 | |
| | | **TOTAL** | **89.609,51** | **0,00** | **89.609,51** | |
| **CAMARIÑAS** | 15.2100.0038.0 | SANEAM. PLUV. E PAVIM., R/ CONSTITUCIÓN E OUT. | 121.422,39 | 0,00 | 121.422,39 | Autorización de Costas da CMATI |
| | | **TOTAL** | **121.422,39** | **0,00** | **121.422,39** | |
| **CAMBRE** | 15.2100.0039.0 | SEG. VIARIA AC-214 E RENOV. ABAST. FRAIZ-MOTA | 349.787,47 | 0,00 | 349.787,47 | |
| | | **TOTAL** | **349.787,47** | **0,00** | **349.787,47** | |
| **CAPELA (A)** | 15.2100.0040.0 | MELL. ILUMIN. PÚBL. AS ,NEVES, MOURENTE E OU. | 40.601,85 | 0,00 | 40.601,85 | |
| | 15.2100.0041.0 | REP. BEIRARRÚA DA MARXE DEREITA DA AC-564 | 34.999,99 | 0,00 | 34.999,99 | |
| | | **TOTAL** | **75.601,84** | **0,00** | **75.601,84** | |
| **CARBALLO** | 15.2100.0042.0 | REDE SANEAMENTO NO RODO, PARROQUIA DE OZA | 87.133,59 | 0,00 | 87.133,59 | |
| | 15.2100.0043.0 | REDE SANEAMENTO OUTEIRO, PARROQUIA DE RUS | 107.150,16 | 0,00 | 107.150,16 | Autorización de Augas de Galicia da CMATI |
| | 15.2100.0044.0 | MELLORA CAPA DE RODADURA CANCES GRANDE | 189.765,00 | 0,00 | 189.765,00 | Autorización da Dirección Xeral Patrimonio, C. de Cultura<br>Dar conta ao Pleno da aprobación do proxecto corrixido |
| | 15,2100,0045.0 | REPAR. CMÑOS, EN ARDAÑA, ARTES, SOFÁN E RUS | 238.447,38 | 1.300,58 | 239.747,96 | Autorización de Augas de Galicia da CMATI |
| | 15.2100.0046.0 | REPA. VIAIS SECUNDARIOS PRRQ. ENTRECRUCES | 39.878,89 | 0,00 | 39.878,89 | Dar conta ao Pleno da aprobación do proxecto corrixido<br>Autorización de Augas de Galicia da CMATI |
| | | **TOTAL** | **662.375,02** | **1.300,58** | **663.675,60** | |
| **CARNOTA** | 15.2100.0047.0 | SANEAMENTO E ABASTECEMENTO AUGA MACEIRAS | 105.000,00 | 0,00 | 105.000,00 | Autorización Axencia Galega de Infraestruturas da CMATI |
| | | **TOTAL** | **105.000,00** | **0,00** | **105.000,00** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CARRAL** | 15.2100.0048.0 | ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS EN QUEMBRE | 135.986,13 | 0,00 | 135.986,13 | Autorización de Augas de Galicia da CMATI Autorización da Dirección Xeral Patrimonio, C. de Cultura |
| | | **TOTAL** | **135.986,13** | **0,00** | **135.986,13** | |
| **CEDEIRA** | 15.2100.0049.0 | ACONDIC. ÁREA RECREATIVA NA MAGDALENA | 49.989,65 | 0,00 | 49.989,65 | Autorización do Serv.Urbanismo da CMATI |
| | 15.2100.0050.0 | MELL, DA ILUMINACIÓN CAMPO MPAL. DE FÚTBOL | 60.000,00 | 0,00 | 60.000,00 | |
| | 15.2100.0051.0 | PAVIMENTACIÓN DA RÚA EZEQUIEL LÓPEZ | 33.460,00 | 0,00 | 33.460,00 | |
| | | **TOTAL** | **143.449,65** | **0,00** | **143.449,65** | |
| **CEE** | 15.2100.0052.0 | ACONDICIONAMENTO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO | 125.333,14 | 0,00 | 125.333,14 | |
| | | **TOTAL** | **125.333,14** | **0,00** | **125.333,14** | |
| **CERCEDA** | 15.2100.0053.0 | BEIRARRUAS EN PICARDEL | 119.201,19 | 0,00 | 119.201,19 | |
| | 15.2100.0054.0 | REPARACIONS NO CENTRO CIVICO DE CERCEDA | 51.499,60 | 0,00 | 51.499,60 | |
| | | **TOTAL** | **170.700,79** | **0,00** | **170.700,79** | |
| **CERDIDO** | 15.2100.0055.0 | CMÑO.CRUZ ENCARNADA ,VILARELLE A VILELA E O. | 69.469,94 | 0,00 | 69.469,94 | Ratificación polo Pleno da corrección do financiamento POS 2015 |
| | | **TOTAL** | **69.469,94** | **0,00** | **69.469,94** | |
| **COIRÓS** | 15.2100.0056.0 | MELLORA REDE VIA. MUNICIPAL COIRÓS DE ARRIBA | 47.559,89 | 0,00 | 47.559,89 | |
| | 15.2100.0057.0 | ILUMINACIÓN PÚBLICA EN XORA E OUTROS | 30.000,00 | 0,00 | 30.000,00 | |
| | | **TOTAL** | **77.559,89** | **0,00** | **77.559,89** | |

| | | | | | | |
O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2015.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE " ASFALTADO DE VIAIS EN LIÑARES, LOBEIRAS, MILLARENGO E VILAPAPE"**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Vilarmaior, Carlos Vázquez Quitián
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilarmaior ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**
1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmaior con CIF P1509200J, para o financiamento da obra de "**ASFALTADO DE VIAIS EN LIÑARES, LOBEIRAS, MILLARENGO E VILAPAPE"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico VICTORINO CORRAL RODRÍGUEZ
2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 67.871,87 |
| Gastos xerais (13%) | 8.823,34 |
| Beneficio industrial (6%) | 4.072,31 |
| IVE (21%) | 16.961,18 |
| Orzamento de contrata | 97.728,70 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 97.728,70€, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,

deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade prevista na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na

documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2016**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARMAIOR |
| Diego Calvo Pouso | Carlos Vázquez Quitián” |

**25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO PARA O FINANCIAMENTO DE SUBMINISTRACIÓN DE "ELEMENTOS SAUDABLES E CARTEIS INFORMATIVOS EN SISMUNDI E FEÁS".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cariño para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Cariño |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Elementos saudables e carteis informativos en Sismundi e Feás |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 10.612,47 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 10.022,86 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 589,61 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 94,44417% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/1711/76201 |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1711/76201 do orzamento provincial para o ano 2015.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO PARA O FINANCIAMENTO DE SUBMINISTRACIÓN "ELEMENTOS SAUDABLES E CARTEIS INFORMATIVOS EN SISMUNDI E FEAS"**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte a alcaldesa presidenta do Concello de Cariño, Purificación Seixido Gómez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cariño ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Cariño con CIF P1509500C, para o financiamento da adquisición de "ELEMENTOS **SAUDABLES E CARTEIS INFORMATIVOS EN SISMUNDI E FEAS",** tal como aparece definida esta en memoria valorada subscrita polo enxeñeiro técnico municipal J.FERNANDO FRAGUELA DOCANTO

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.**

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

| | |
|---|---|
| Orzamento | 8.770,64 |
| IVE (21%) | 1.841,83 |
| Orzamento Total | 10.612,47 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 10.022,86 €, o que representa unha porcentaxe de 94,44417 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 94,44417 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1711/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade prevista na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na memoria valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2016**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CARIÑO

Purificación Seixido Gómez”

**26.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “EQUIPAMENTO MULTIDEPORTIVO NA GALEA, A REGUEIRA”, DO CONCELLO DE MIÑO, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 31/2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 28 de marzo de 2014, polo que se aproba, entre outros, o seguinte convenio de colaboración co Concello de Miño

| **Concello** | **Número de convenio** | **Denominación** | **Deputación Fondos propios** | **Concello** | **Orzamento Total** |
|---|---|---|---|---|---|
| Miño | 31/2014 | Equipamento multideportivo na Galea, A Regueira | 298.139,22 € | 0,00 € | 298.139,22 € |

Logo de aprobar o Concello de Miño un proxecto modificado desta obra mediante Resolución da concelleira delegada da área de Urbanismo, facenda e persoal do 18 de novembro de 2015, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Equipamento multideportivo na Galea, A Regueira", do Concello de Miño, no que se recollen pequenas variacións nas súas partidas que non supoñen cambio na súa finalidade nin no seu obxecto pero si supón un incremento do seu orzamento

| **Concello** | **Número de convenio** | **Denominación** | | **Inicial adxudicado** | **Modificado adxudicado** | **Diferenza** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Miño | 31/2014 | Equipamento multideportivo na Galea, A Regueira | *Deputación* | *235.902,68* | *235.902,68* | *0,00* |
| | | | *Concello* | *0,00* | *15.431,76* | *15.431,76* |
| | | | *Total* | 235.902,68 | 251.334,44 | *15.431,76* |

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos 1/2015 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento."

**27.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DO PASEO MARÍTIMO DE PORTOSÍN", DO CONCELLO DE PORTO DO SON, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 316/2013.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 22 de novembro de 2013, polo que se aproba, entre outros, o seguinte convenio de colaboración co Concello de Porto do Son

| **Concello** | **Número de convenio** | **Denominación** | **Deputación Fondos propios** | **Concello** | **Orzamento Total** |
|---|---|---|---|---|---|
| Porto do Son | 316/2013 | Acondicionamento do Paseo Marítimo de Portosín | 60.800,00 € | 15.200,00 € | 76.000,00 € |

Logo de aprobar o Concello de Porto do Son un proxecto modificado desta obra mediante Resolución de Alcaldía do 12 de decembro de 2014, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Acondicionamento do Paseo Marítimo de Portosín", do Concello de Porto do Son, no que se recollen pequenas variacións nas súas partidas que non supoñen cambio na súa finalidade nin no seu obxecto pero si supón unha diminución do seu orzamento

| Concello | Código | Denominación | | Inicial | Modificado | Diferenza |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Porto do Son | 316/2013 | Acondicionamento do Paseo Marítimo de Portosín | *Deputación* | 60.800,00 € | *60.759,18 €* | *-40,82 €* |
| | | | *Concello* | 15.200,00 € | *15.189,80 €* | *-10,20 €* |
| | | | *Total* | 76.000,00 € | 75.948,98 € | -51,02 € |

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos 1/2015 no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento."

**28.-MODIFICACIÓN DA BASE 50 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: "SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2015".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Aprobar a modificación da seguinte subvención nominativa:

| APLICACIÓN | NIF | NOME | OBXECTO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| 0510/432.1/467.01 | Q6550029J | CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS **(1)** | Forum gastronómico da Coruña 2015 | 225.000,00 |

**(1) Modificase o beneficiario que antes era Concello da Coruña e a aplicación que antes era 0510/432.1/462.01**

Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."

**29.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2014 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se proceda á publicación na páxina Web da Deputación da documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º.Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**30.-INFORME SOBRE OS “INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES” CONTIDOS NO PLAN PROVINCIAL DTC-93 (DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA DO TRLRFL).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención.”

**31.-TOMAR COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria correspondente ao exercicio 2014.

2.- Remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos presupostos das entidades locais e da información adicional requirida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade presupostaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información dispostas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

**32.-DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES, DE APROBACIÓN POLA PRESIDENCIA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación polo presidente.”

## 33.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2015 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 16.059.391,25 euros e que ofrece o seguinte resumo:

**A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

**A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

| | |
|---|---|
| CE. Créditos extraordinarios: | 1.995.554,39 |
| SC. Suplemento créditos: | 14.063.836,86 |
| **Total de aumentos:** | **16.059.391,25** |

**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

| | |
|---|---|
| Remanente de Tesourería: | 16.059.391,25 |
| Baixas de crédito noutras aplicacións: | 0,00 |
| **Total financiamento:** | **16.059.391,25** |

**B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS**

**B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos.........................................**

| Capítulo | Altas | Baixas |
|---|---|---|
| 1. Gastos de persoal | 0,00 | 0,00 |
| 2. Gastos correntes | 620.530,44 | 0,00 |
| 3. Gastos financeiros | 1.287,66 | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 1.137.844,31 | 0,00 |
| 5. Fondo continxencia e o. i. | 0,00 | 0,00 |
| 6. Investimentos reais | 3.378.989,78 | 0,00 |
| 7. Transferencias de capital | 10.920.739,06 | 0,00 |
| 8. Activos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 9. Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL MODIFICACIÓNS** | **16.059.391,25** | **0,00** |

**B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos**

| Capítulo | Altas |
|---|---|
| 1. Impostos directos | 0,00 |
| 2. Impostos indirectos | 0,00 |
| 3. Taxas e outros ingresos | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 0,00 |
| 5. Ingresos patrimoniais | 0,00 |
| 6. Alleamento investimentos reais | 0,00 |
| 7. Transferencias de capital | 0,00 |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería | 16.059.391,25 |
| 9. Pasivos financeiros | 0,00 |
| **TOTAL MODIFICACIÓNS** | **16.059.391,25** |

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

**34.-INFORMACIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2014, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO POLO ART. 4.3 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da información remitida polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais."

**35.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2082/2014 DO 7 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, POLA QUE SE DESENVOLVEN AS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial."

**36.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2015.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

É para anunciar a nosa abstención pero en todo caso hai varias cousas que nos chaman poderosamente a atención neste punto. Primeiro, que se di que este punto concorre a través dunha subvención nominativa porque xustifican o interese público para consideralo á marxe da convocatoria xeral de subvencións. O informe de Fiscalización di que en ningún momento se xustifica ese interese público, ademais di unha cousa moi curiosa, di que a administración á que vai destinada este convenio,

que é o Concello da Coruña, que non está ao corrente das súas obrigas coa Deputación provincial e que, polo tanto, non podería obter a condición de beneficiaria da subvención. Pero o que máis curioso nos parece de todo isto primeiro é que consideramos que o proxecto que se presenta aquí é a programación ordinaria de todos os anos de Cultura do Concello da Coruña, polo tanto non ten nada de carácter extraordinario, e sería dificilmente probable o interese xeral, pero é que curiosamente por un lado di que se lle outorga unha subvención nominativa por non poder concorrer á orde de subvencións ordinarias da Deputación da Coruña, e por outro lado aparece unha subvención ordinaria concedida de 19.916,72 euros por un proxecto que ten o mesmo nome que o da subvención, é dicir, actividades culturais do Concello da Coruña 2015. Por un lado, por tanto, leva case 20.000 euros na orde xeral de subvencións, e logo leva nada máis e nada menos que 240.000 euros a través dun convenio dunha subvención nominativa. Todo iso cando acabamos de coñecer as contías destinadas a programación cultural dos concellos da provincia da Coruña, que son contías, todos coincidiremos, que bastantes raquíticas, disto poderemos falar noutro Pleno sobre o interese provincial dos diferentes proxectos presentados por diferentes concellos da provincia da Coruña, a ver como se xustifican unhas cantidades e outras.

Polo tanto, nós ímonos abster porque consideramos que, primeiro, que o informe de Fiscalización pon un reparo á aprobación deste convenio, un reparo nós consideramos que importante, cita textualmente que non podería obter a condición de beneficiario por non estar ao corrente coas súas obrigas, e logo por algo que xustifica o outorgamento da propia nominativa, que é o interese xeral, e o propio informe da Fiscalización di que non se xustifica en ningún momento. Pero o máis curioso de todo isto é que para un proxecto de 300.000 euros, se sumamos a cantidade que se concede polo programa ordinario de subvencións, 20.000 euros, máis os 240.000 que se conceden aquí, parécenos que realmente se está subvencionando o programa cultural, ou unha boa parte do programa cultural, dun concello cando moitos concellos non pasan do 2.000 euros.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Tamén para anunciar o voto de abstención do Grupo Socialista. Efectivamente, como dixo o Sr. Regueira, voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o Concello non está ao corrente de pagamento coas obrigas coa Deputación, pero ben, isto non sería inconveniente para poder aprobar a subvención, pódese aprobar condicionada a que non se faga ningún pagamento ata que non se regularice a situación, pero non nos parece serio que un Concello como o da Coruña, non estea ao día coas obrigas coa Deputación, sobre todo cando é un concello que recibe substanciosas subvencións por parte da Deputación. Entendendo que se pode aprobar condicionado a que non se faga ningún pagamento ata que non se regularice a situación, o noso sería un voto de abstención, porque entendemos que non é serio que o Concello da Coruña manteña este tipo de relacións coa Deputación. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero quero tranquilizalos para que non lles caiba dúbida de que loxicamente son momentos puntuais, que hai un informe de Tesourería que soluciona ese problema, e que se subvencionan actuacións concretas.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PP e 5 do BNG)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e as abstencións do PSOE e do BNG, acorda:

**"1.-** Conceder *ao* Concello da Coruña unha subvención nominativa por importe de 240.000,00 €, para *financiar o* "Programa de actividades culturais do ano 2015" cun orzamento de 300.000,00€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

**2.-** Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

**3**.-Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Programa de actividades culturais 2015.***

A Coruña,

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña.

D. Carlos Negreira Souto, alcalde do Concello da Coruña.

**MANIFESTAN**

**1.-** Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

**2.-** Que a Tenencia de Alcaldía do Concello da Coruña entende que a actividade dos poderes públicos no campo da promoción cultural ten como primeira finalidade promover o acceso da cidadanía a unha cultura de calidade, en condicións de igualdade. A política cultural é, neste senso, unha parte fundamental dos servizos de

benestar, xa que contribúe ao benestar e a cohesión social e á identificación da cidadanía cos valores da súa sociedade.

Mais, tamén, as políticas culturais teñen outras finalidades complementarias, xa que as administracións públicas teñen a obriga de coidar da conservación, recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, incluído o inmaterial, e deben favorecer a creación cultural, axudando aos artistas nos seus procesos de creación e na difusión dos seus traballos, atendendo ás potencialidades do sector cultural como creador de riqueza.

**3.-** O programa inclúe actividades dentro de cada unha das dimensións da política cultural e ten como principais obxectivos:

* A difusión cultural.
* A creación e industria cultural.
* A posta en valor do patrimonio.

**4.-** Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

**5.-** Que, neste contexto, a Deputación da Coruña é consciente da importancia do *Programa de actividades culturais 2015* proposto polo Concello da Coruña e, por isto, no Orzamento aprobado polo Pleno da Corporación, foi incluída unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

**6.-** Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña (CF:P1503000J) para financiar o ***Programa de actividades culturais 2015***, cos seguintes proxectos:

#### ***A. III Edición do Festival Coruña Film***

O festival configúrase como un encontro anual cuxo ámbito temático é a creación audiovisual feita a través da curtametraxe. Entendido así, o seu obxectivo é apostar pola creación audiovisual, apoiando e formando, aos novos creadores cunha programación que abranguerá as principais áreas que interveñen no proceso de creación cinematográfico: o guión, a dirección, a interpretación, a produción e a distribución.

## ***B. Artes visuais***

### ***B.1.-Cidea***

A área de artes visuais engloba o programa formativo do proxecto CIDEA correspondente ao último cuadrimestre do ano, así como a programación expositiva do Kiosko Alfonso e a da Sala de Exposicións de Palexco. O proxecto Cidea, que suporá a creación dun centro de produción de deseño destinado á realización de accións de produción e creación cultural, desenvolverase na sede da Fundación Luis Seoane.

### ***B.2.-Programación expositiva do Kiosko Alfonso e a Sala de Exposicións de Palexco***

Neste apartado englobaranse as mostras e exposicións que terán lugar no Kiosko Alfonso e na Sala de Exposicións de Palexco no terceiro cuadrimestre do ano, e que son as seguintes:

Kiosko Alfonso:

**Novos:* Mostra de oito creadores de artes visuais, que inclúe propostas de diferentes disciplinas , como fotografía, vídeo, pintura, animacións, instalacións efémeras e performances.

Sala de Exposicións de Palexco:

**Cultura+Industria:* Exposición que amosa a evolución do deseño industrial en España, ao longo da segunda metade do século XX.

## ***C. Coruña literaria***

A actividade constitúe unha programación multidisciplinar que, dirixida á promoción do libro e da lectura, desenvólvese na rede de bibliotecas municipais da Coruña, no Centro Sociocultural Ágora e noutros espazos públicos da cidade, co obxectivo inmediato de incrementar o nivel de lectura da poboación, con especial atención á poboación infantil e á mocidade, mediante a promoción dun maior acceso á rede de bibliotecas e apoiando á industria editorial e ás pequenas librerías.

Con este fin, serán realizadas as seguintes actividades:

- Animación á lectura, que terá lugar nas bibliotecas municipais mediante a programación periódica de charlas, talleres, recitais e actuacións musicais.
- Xornada da edición, que consistirá na celebración de mesas redondas, conferencias, actividades expositivas e unha feira editorial, coa finalidade de promover a industria editorial.

***D. Ciencia e Cultura***

* Merendas no Acuario, para nenos e nenas de entre 4 e 13 anos, que realizarán actividades diversas relacionadas co ámbito do mencionado recinto, merendando despois na súa cantina.

* Talleres temáticos do mundo mariño, consistentes na realización de actividades relacionadas co mar e a ecoloxía mariña.

* Tecnoloxía e cultura humana, trátase dun conxunto de actividades en formato taller sobre a tecnoloxía e a súa repercusión na cultura humana.

*Talleres do laboratorio aberto, que incluirán actividades sobre investigación da fisioloxía humana e vexetal.

*Xornadas de Ciencia e Educación, coa participación de alumnos e profesores en actividades con protagonismo da ciencia na educación.

*Natureza e ceo, a través de talleres que versarán sobre os sons da natureza en relación co ceo para persoas dun espectro amplo de idades.

***E. Comunicación e outros eventos culturais***

Actuacións que pola súa singularidade non encaixan en ningún outro ámbito de actuación e aquelas que ten un carácter transversal, entre as que destacan as actividades de difusión das programacións culturais, de creación de públicos e de fomento do consumo cultural.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello da Coruña.**

O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | | |
|---|---|---|
| ***A.III EDICIÓN DO FESTIVAL CORUÑA FILM*** | | |
| **PROGRAMACIÓN** | | |
| Produción e secretaría técnica | 18.000 | |
| Contratación externa de servizos artísticos | 20.000 | |
| Contratación externa de servizos técnicos | 7.500 | |
| Aluguer de equipos técnicos | 4.000 | |
| Dereitos de exhibición | 4.000 | |
| | SUBTOTAL: | 53.500 |
| **COMUNICACIÓN** | | |
| Prensa e publicidade | 4.500 | |
| Imaxe e deseño web | 3.500 | |
| | SUBTOTAL: | 8.000 |
| **OUTROS CONCEPTOS** | | |
| Acondicionamento de sedes | 1.500 | |
| Viaxes e aloxamento | 9.000 | |
| Outros gastos | 3.000 | |
| | SUBTOTAL: | 13.500 |
| | ***Total A*** | ***75.000*** |

| | | |
|---|---|---|
| ***B. Artes visuais*** | | |
| ***CIDEA*** | | |
| Comisariado | 4.500 | |
| Contratación externa de docentes | 18.500 | |
| Contratación externa de servizos técnicos | 3.000 | |
| Viaxes e aloxamento | 5.500 | |
| Soportes de difusión | 2.500 | |
| Outros gastos | 6.000 | |
| | SUBTOTAL: | 40.000 |
| **EXPOSICIÓNS KIOSKO ALFONSO E PALEXCO** | | |
| Comisariado | 12.000 | |
| Dereitos de imaxe | 6.000 | |
| Fotografía e edición | 3.000 | |
| Publicidade | 4.000 | |
| Montaxe e subministracións | 8.000 | |
| Transporte | 6.000 | |
| Aloxamento | 2.000 | |
| Catálogo e edición | 7.000 | |
| Seguros | 2.000 | |
| | SUBTOTAL: | 50.000 |
| | **Total B** | **90.000** |
| **C.-*Artes escénicas*** | | |
| Comisariado | 2.000 | |
| Contratación externa de compañías | 18.000 | |
| Contratación externa docentes/animadores | 8.000 | |
| Contratación externa servizos técnicos | 7.500 | |
| Viaxes e aloxamentos | 2.000 | |
| Soportes de difusión | 1.500 | |
| Outros gastos | 2.000 | |
| | **Total C**: | **41.000** |
| **D.-*Coruña literaria (promoción da lectura)*** | | |
| Comisariado | 2.000 | |
| Contratación externa monitores e docentes | 12.000 | |
| Contratación externa servizos técnicos | 4.500 | |
| Material imprenta e difusión | 1.500 | |
| Aluguer material técnico | 1.500 | |
| Compra material non inventariable | 2.500 | |
| Outros gastos | 6.000 | |
| | **Total D**: | **30.000** |
| ***E. Ciencia e Cultura*** | | |
| Merendas no Acuario | 5.000 | |
| Talleres temáticos do mundo mariño | 4.000 | |
| Tecnoloxía e Cultura humana | 6.000 | |
| Talleres de laboratorio aberto | 10.000 | |
| Xornadas de ciencia e educación | 5.000 | |
| Natureza e ceo | 4.000 | |
| | **Total D** | **34.000** |
| ***F.- Comunicación e outros eventos culturais*** | | |
| Catálogo de creadores e eventos culturais (deseño e edición) | 20.000 | |
| Contratación externa servizos do Castro de Elviña | 10.000 | |
| | **Total E** | **30.000** |
| **TOTAL GLOBAL** | | **300.000,00** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se definen na cláusula primeira, cunha achega máxima de **240.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.1/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** O Concello da Coruña comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en todas as publicacións e na publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao Programa de actividades culturais e na súa páxina web.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.
*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª. 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lli imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos dende a súa sinatura, podendo ser realizadas as actividades, en calquera caso, dende o 1 de abril de 2015.

**2.-** Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de

ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

ROGOS E PREGUNTAS

<u>Sra. Seixas Naia</u>

Bo día, era para facer un rogo e unha pregunta sobre a mesma cuestión. O día 15 de xaneiro, presentei un escrito en Rexistro onde pedimos ter acceso ao expediente referente a contratación dun servizo para a realización dun estudo demoscópico que permita a avaliación obxectiva de aspectos determinantes para actuacións da imaxe da Deputación da Coruña, que lle foi adxudicado á empresa Instituto Sondaxe, por un importe de 21.296,00 €. É un contrato de dez meses, que curiosamente acaba no mes de abril-maio, en pleno proceso electoral, mais non é esa exactamente a pregunta. Déusenos autorización mais só puidemos ver, a pesar de que non pedíamos só o contrato, senón que pedíamos tamén que se nos dese acceso aos informes que mensualmente ten que presentar a empresa, porque ten que, cada fin de mes, presentar un informe. Esa documentación non se nos facilitou aínda, como digo levamos case dous meses esperando, eu creo e rogo que se nos facilite o antes posible, aínda que xa o fixemos ver tamén no Servizo de Contratación e tamén nos gustaría e esta é a pregunta, o rogo era que se nos dea acceso xa, porque creo que

vai tempo suficiente, e a pregunta é se as enquisas que están saíndo ou as enquisas que saíron, os resultados dunhas enquisas que saíron o pasado día quince de febreiro da empresa coa que está relacionada este Instituto teñen algo que ver con estes estudos que esta facendo a Deputación, grazas.

Sr. Presidente

No que ten que ver o que está no obxecto do contrato, que vostede xa viu, e polo tanto eses informes que están pendentes non se preocupe que se lle pasarán todos os que ten entregado a empresa segundo o contrato, mensualmente sobre distintos aspectos da Deputación.

Sr. Regueira Varela

Quixeramos ter acceso ao listado de concellos que non solicitaron o programa PAI, porque sabemos que hai varios concellos que non puideron concorrer, e se sabemos xa que fórmula se vai habilitar para que os concellos que teñen dificultade de financiamento a través dese programa poidan ter acceso ao financiamento no seu momento, e iso por un lado. E por outro lado onte asistimos os concellos que formamos parte do xeodestino, a maioría do xeodestino Costa da Morte, a unha reunión para a creación do futuro CMAT e estes días na prensa vimos que a Deputación Provincial da Coruña xa comprometera orzamentos para financiar ese futuro ente de xestión do xeodestino. Pódese saber xa a través de que tipo ou de que modalidades se vai conceder esa subvención e cal vai ser a contía, máis ou menos, desta?

Sr. Presidente

Con respecto ao PAI sabe vostede que aínda están, aínda que o prazo xa rematou, por parte dos concellos, para presentar a documentación e adherirse ao programa e xa temos o listado, aínda que non foi aprobado, xa llo pasaremos sen ningún problema, e efectivamente aí temos que debater que é o que facemos cos remanentes que nos quedaron libres e tamén ver se somos capaces de solucionar os problemas que tiñan eses concellos para poder adherirse a este programa. Creo, e falo de memoria, non me tome o dato exacto, que falamos de vinte, paréceme que era, vinte, vinte e un concellos que finalmente, sobre cinco millóns de euros, pero ben, pasámoslle os datos por escrito para que os teña.

E en segundo lugar, sobre o tema do CMAT, non é algo novo, dende o primeiro día deste mandato, nós manifestamos, a Deputación, o apoio que en materia turística tiña que existir para os xeodestinos que é a formula que por lei está regulada por parte da Xunta de Galicia, nós comprometémonos dende o primeiro día, non co xeodestino de Costa da Morte, o cal vostede participou como concelleiro en Carballo, senón con calquera outro xeodestino, a que tanto a Deputación da Coruña, como a Xunta de Galicia, a poder financiar as actividades que leven a cabo ese ente do xeodestino, e non a formar parte del, entendendo que son os actores locais os que deben de tomar as decisións de que accións de promoción deben de facer, e non vir impostas nin pola Xunta de Galicia, goberne quen goberne, nin pola Deputación,

goberne quen  goberne, o único que nos comprometemos é a que unha vez que estean formados, unha vez que presenten distintos proxectos para levar a cabo a promoción turística desa comarca, onde van a estar a iniciativa privada e os concellos, pois nós poder financialo, loxicamente a cantidade vai depender, home non vai ser unha cantidade esaxerada, pero vai depender do proxecto que presenten. Polo tanto eu espero que ese xeodestino e esa iniciativa de Costa da Morte poida saír adiante canto antes, teño animado a todos os alcaldes a que se adhiran canto antes, que saia adiante, que traian un proxecto e buscaremos a maneira dende a Deputación de apoiar as iniciativas que os actores locais propoñan para promover turisticamente esa comarca.

Sr. Regueira Varela

En referencia económica, faláronse de 240.000 €, polo tanto se hai 240.000€ comprometidos a min gustaríame saber que parte dese compromiso é o que vai asumir a Deputación. En todo caso en relación con isto unha última pregunta, porque hai dúbidas legais por parte dos servizos xurídicos dalgún concello sobre a constitución deste ente, que eu coincido con vostede en que é necesario e urxente etc..etc..pero ben, en principio o curioso é que a algúns concellos, a secretaría da administración dicíanos que non podíamos formar parte de algo que non estaba realmente creado e polo tanto habería que facer unha xestora, logo elaborar os estatutos, logo eses estatutos aprobalos cada concello no seu propio Pleno e aprobar tamén a achega económica que hai que facer e todo iso. Ben, dá a sensación de que, se tiñan razón os que expuxeron onte o proxecto dende a mesa, ben, parece que é todo moito máis sinxelo, pero nalgúns concellos temos algunhas dificultades xurídicas para que se nos permita adherirnos a algo que realmente como ente aínda non está constituído, non sei se desde aquí hai algún informe que poida facultar aos servizos de Secretaría dos nosos concellos a facilitarnos as cousas ou non.

Sr. Presidente

En todo caso, poñemos a disposición os servizos xurídicos da Deputación para poder asesorar ou facer algún informe e que teñan os diferentes concellos non só deste xeodestino ou calquera outro, pero fíxese vostede que a primeira pregunta falaba do PAI, e no PAI hai interventores ou secretarios en algúns concellos, non vou dicir os vinte e dous que non se adheriron, pero nalgúns que vían problemas onde seguramente outros setenta e pico, setenta e un para ser exactos, non os viron, estou seguro que esa visión non e única e a Deputación ao que se brinda é a intentar asesorar ou facer os informes correspondentes para avanzar nese camiño.

Sr. Blanco Riveiro

Bos días presidente, deputados. Quero facer mención, hai uns meses aquí debatemos unha moción referente ao sector lácteo, hoxe en día pois estamos vivindo un ambiente non moi favorable de cara aos gandeiros, a situación do sector coa baixada de prezos nos últimos meses, a posible aplicación da supertaxa, que aínda non sabemos se hai ou non hai, a un mes de acabar o sistema de cotas, a inestabilidade do sector coa desaparición das cotas dentro dun mes, que non sabemos tampouco como se vai resituar todo isto no sector a nivel de Europa, e a sinatura inminente do novo paquete lácteo.

A problemática vai moito máis alá disto, a problemática vai en que, por exemplo, un concello como o noso, onde o noventa por cento da poboación, que xa somos poucos, somos catro mil habitantes, vivimos de forma directa ou indirecta do leite, que estamos nunha situación de desesperación porque non sabemos se poderemos seguir vivindo diso ou non. Non é un problema de que os gandeiros non sexa eficientes, cada vez son máis eficientes, temos novas incorporacións, funcionamos moi ben, pero agora mesmo, tal e como está o sector non temos forma de continuar nin de investir.

O problema está en que, estase comprando leite por debaixo dos prezos marcados polo propio Ministerio, o problema está en que agora mesmo non hai ningunha garantía a posteriori de que se vaia pagar ese leite a un prezo razoable. Os gandeiros non é que pidan subvencións, nin axudas, nin moito menos, os gandeiros queren un prezo digno para o leite, agora mesmo están secuestrados polas industrias, baixamos o prezo, non hai forma de protestar, falamos de que vamos garantir un prezo mínimo, non sei como, no paquete lácteo, no borrador que eu lin, tampouco non o podo ver. Vemos cousas como que o prezo do leite aparece no supermercado a cincuenta céntimos ou a corenta e oito céntimos, e non poñemos unha medida para poder frear iso. Encontrámonos con que o gandeiro, ao mellor, se lle protesta á industria láctea, cando lle vén coller a mostra do leite un día, aparécelle antibiótico no mes  seguinte, e venlle unha multa, pero claro, como el non ten unha mostra que lle quede lacrada para poder gardala, non pode demostrar nada, están completamente secuestrados.

Con isto non quero politizar isto, non quero que sexa un debate entre partidos, porque así mo transmitiron os mesmos gandeiros, hai gandeiros que son, tanto do Partido Popular, do PSOE, do BNG, ou doutro partido, eu creo que desde a nosa parte temos que intentar buscar unha solución. Por iso, quero propoñer unha idea, que nos xustemos cos gandeiros, pero non con gandeiros que pertencen a sindicatos, nin organizacións, gandeiros, os nosos gandeiros, o vindeiro mes, un representante de cada partido, e que intentemos elaborar un documento de cara ao próximo Pleno para analizar esta situación e buscar posibles solucións, pero non con isto poñer trabas, nin que sexa unha especulación de que sexa un partido que nos poñamos en contra uns dos outros, que busquemos unha solución e poidamos, entre todos, poder axudalos.

Sr. Presidente

Recollido o seu rogo, por parte deste Goberno non hai ningún problema en reunirse, de todos os xeitos sabe vostede que as competencias neste caso recaen na Xunta de Galicia, onde tamén hai un Parlamento Galego no que tamén teñen representación, e tamén seguramente se pode facer unha proposta similar.

Sr. Blanco Riveiro

Entendo perfectamente que a nosa competencia, ao mellor, non vai desde aí, pero eu creo que temos que poñer todos os esforzos, esteamos onde esteamos, e que intentemos axudalos de todas as maneiras. Estou seguro que desde o Parlamento galego, incluso desde o propio Estado español, non terán ningunha

obxección nese sentido, e creo que se nós poñemos a forza de vontade e imos dándolle un pequeno empurrón, poderemos axudalos. Eu agradeceríavolo moito a todos e creo que os gandeiros tamén.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.